



*RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado provisional de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos por motivos de saúde, reguladas pola Orde do 28 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 9 de marzo).*

De conformidade co disposto no artigo 12 da Orde do 28 de febreiro de 2020 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e a petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 11, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 5 de decembro de 2018 (DOG do 21 de decembro).

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar os listados provisionais de solicitudes de comisión de servizos por motivos de saúde declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Publicar no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal> os listados citados.

Terceiro. As persoas interesadas poderán formular alegacións no prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal>.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

